

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA, S.L.U. PARA A DIFUSIÓN DE CONTIDOS QUE POTENCIEN O TURISMO DE GALICIA**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Corporación Voz de Galicia, S.L.U. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Corporación Voz de Galicia, S.L.U. para informar e difundir nos medios do seu grupo contidos vinculados a Galicia, incluíndo ao Camiño de Santiago, que promocionen Galicia como un destino turístico atractivo, de calidade e seguro, con especial incidencia a través do portal "www.venagalicia.gal", no que se publicarán con periodicidade semanal noticias e información de utilidade para os turistas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño



de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

**Segundo.-** A Corporación Voz de Galicia, S.L.U. é a empresa matriz dun grupo de comunicación ao que pertencen, entre outras sociedades, La Voz de Galicia, S.A., empresa dedicada á composición e á edición de prensa periódica e editora do xornal "La Voz de Galicia", da web [www.lavozdeg Galicia.es](http://www.lavozdeg Galicia.es) e do portal "[www.venagalicia.gal](http://www.venagalicia.gal)", así como Voz de Galicia Radio, S.L.U., titular da emisora de radio "RadioVoz".

**Terceiro.-** A través de todos estes medios, a Corporación Voz de Galicia, S.L.U. publica noticias e informacións de interese para a promoción turística de Galicia. Neste labor, destaca o lanzamento do portal denominado [www.venagalicia.gal](http://www.venagalicia.gal), coa finalidade de difundir contidos relacionados co turismo en Galicia prestando especial atención, no contexto actual, ao Xacobeo 2022, que transmite unha imaxe atractiva de Galicia e aporta numerosa información de utilidade para potenciar Galicia como destino turístico.

Parte dos contidos deste portal compartiranse en redes sociais e publicaranse no xornal "La Voz de Galicia" e na emisora de radio "RadioVoz".

**Cuarto.-** A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, considera de interese xeral para Galicia e especialmente para o sector turístico, no contexto do Ano Santo Xacobeo 21-22, proxectar unha imaxe atractiva e segura da nosa comunidade como destino turístico, con especial incidencia nos medios dixitais, que permiten chegar a turistas potenciais doutros países. Neste sentido, a utilización dun portal dixital especializado como "[www.venagalicia.gal](http://www.venagalicia.gal)", con apoio noutros medios do grupo de Corporación Voz de Galicia, S.L.U., permite a transmisión destas mensaxes a través de medios que xa contan cunha audiencia definida e un número de seguidores estable.

**Quinto.-** As dúas partes entenden que é importante fomentar, promover e divulgar actividades e información específica relacionada coa proxección dos valores culturais, patrimoniais, históricos e experienciais que representa Galicia, incluíndo no referente ao Camiño de Santiago, de xeito que os turistas perciban que visitar Galicia é un plan



vacacional atractivo, de calidade e seguro nun momento de incerteza para todo o sector turístico galego e para toda a infraestrutura vencellada coa ruta Xacobeá.

De tal xeito son obxectivos deste convenio de colaboración contribuír á divulgación de contidos vinculados a Galicia, incluíndo ao Camiño de Santiago, difundir os seus valores culturais, patrimoniais, históricos e experienciais, implicar a prescriptores de viaxes e firmas de recoñecido prestixio na promoción activa de Galicia como destino, dar a coñecer as iniciativas que desenvolve o sector turístico galego para o correcto desenvolvemento da súa actividade e promocionar Galicia como un destino turístico atractivo, de calidade e seguro.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio coa Corporación Voz de Galicia, SLU dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

